

OFERTA ECOBAS 2021-05: Convocatoria de contratación temporal investigador/a para tarefas de apoio

O grupo de investigación GEN, da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense oferta un contrato de investigador/a para realizar tarefas de apoio e contribuir á liña de investigación do grupo en economía circular, onde se inclúen no primeiro mes de contrato as relacionadas co proxecto OCEANETS “Technological approaches for circular economy solutions in terms of prevention, recover, re-use and recycle of fishing gears to obtain added-value products in the textile industry” no marco dos proxectos europeos (EASME/EMFF/2017/1.2.1.12-S2 MARINE LITTER).

Tipo de contrato: temporal

Duración total do contrato: 01/06/2021 a 31/08/2021.

Retribución: 1.300€ brutos mensuais

Tipo de xornada: a tempo completo

Lugar de traballo: Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense

Requisitos

- Grao en Económicas, Empresariais, ou titulacións vinculadas ás ciencias ambientais ou enxeñerías sempre que se poida acreditar coñecementos económicos (e.g. mestrado do ámbito económico ou similares).
- Bos coñecementos de inglés (lectura, redacción).

Méritos

- Experiencia ou coñecementos acreditados en análise econométrica.

- Experiencia ou coñecementos acreditados en economía circular e métricas económicas relacionadas.
- A posesión do título de doutor valorarase como un mérito adicional, aínda que non ten carácter excluínte.

Procedemento de solicitude

- Envío de documentación, CV e xustificantes acreditativos dos méritos, **antes das 14:00 horas do 14 de abril de 2021** ao correo electrónico miguel.r@uvigo.es co asunto “Contrato OCEANETS 2021 economía”.

Procedemento de selección

- A selección será levada a cabo por unha comisión formada por membros do grupo de investigación e da agrupación estratéxica ECOBAS atendendo a:
 - Cumprimento dos requisitos.
 - Experiencia e capacidades.
 - Outros méritos relacionados.
 - Entrevista persoal (en caso de ser necesario).
- Resolución prevista do procedemento: 16 de abril de 2021.

En Vigo, a 9 de abril de 2021

